

2009

INFORME anual DE SEGUIMENTO
DA Lei 11/2007
DO 27 DE XULLO, GALEGA

Para a Prevención e o tratamento
integral DA
Violencia De xénero.



XUNTA DE GALICIA

Informe elaborado por:
Secretaría Xeral da Igualdade
Presidencia da Xunta de Galicia

Marzo de 2010

INDICE

01 Prólogo	Pax. 2
02 Análise e magnitude da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia o longo do ano 2009.	
02.1 Introducción	Pax. 3
02.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das comunidades autónomas.	Pax.10
02.3 Mulleres mortas por violencia de xénero. Galicia 2009.	Pax.10
02.4 Casos	Pax.13
02.5 Acreditación da situación de violencia de xénero.	Pax.14
02.6 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2009. Comparativa cos datos globais do territorio español.	Pax.15
02.7 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2009. Comparativa co total de denuncias e renuncias presentadas no territorio español.	Pax.15
03 Medidas e actuacións levadas a cabo pola Comunidade Autónoma de Galicia o longo do ano 2009 no marco da “Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero”	
03.1 Introducción	Pax.16
03.2 Título I: Prevención da violencia de xénero	Pax.17
Capítulo I: Medidas de sensibilización	Pax.18
Capítulo II: Medidas de investigación e de formación	Pax.26
Capítulo III: Medidas no ámbito educativo	Pax.31
03.3 Título II: protección e asistencia fronte a violencia de xénero	Pax.32
Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicológico	Pax.33
Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial	Pax.34
Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección	Pax.35
Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e do emprego	Pax.43
Capítulo V: Medidas de carácter económico	Pax.46
03.4 Título III: da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.	Pax.51
04 Disposicións adicionais	Pax.69

01 Prólogo

O presente informe fai balance das políticas públicas implementadas polo Goberno Galego en materia de violencia de xénero, cumpríndose así coa disposición adicional Cuarta da Lei Galega 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que obriga ao Goberno da Xunta de Galicia a remitirlle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, contando coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento desta problemática que constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Esta Lei constitúe un fito histórico no ordenamento xurídico xa que é a primeira lei galega elaborada para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, que conta co precedente da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes onde se adicou os seus artigos 19 e 20 ao tema da violencia, contendo previsións xerais sobre as medidas precisas para a erradicación da violencia contra as mulleres, así coma algunhas actuacións xudiciais.

É importante resaltar que esta Lei aprobouse co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, o cal indica o grao de sensibilización e de concienciación sobre a importancia do fenómeno da violencia de xénero na nosa sociedade.

Así mesmo, esta lei segue o camiño iniciado no marco do Estado español, grazas a sucesivos adiantos lexislativos en materia de loita contra a violencia de xénero; así,

- a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros;
- a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do código penal;
- a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un novidoso sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero;
- a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, reconece un feito diferencial de xénero; recolle no artigo 19, co título «Dereito á asistencia social integral», que «as mulleres vítimas de

violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións multidisciplinaria e profesionalidade profesional».


Outras comunidades Autónomas que tamén aprobaron leis especificamente dirixidas a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero son:

- Comunidade Foral de Navarra: Lei Foral 12/2003, de 7 de marzo, de modificación da Lei Foral 22/2002, de 2 de xullo, para a adopción de medidas integrais contra a violencia sexista.
- Cantabria: Lei de Cantabria 1/2004, de 1 de abril, Integral para a Prevención da Violencia Contra as Mulleres e a Protección ás súas Vítimas.
- Castilla y León: Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Comunidade de Madrid: Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid.
- Aragón: Lei 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Vítimas de Violencia en Aragón.
- Murcia: Lei 7/2007, de 4 de abril, para a igualdade entre mulleres e homes, e de protección contra a violencia de xénero na Rexión de Murcia.
- Andalucía: Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero.
- Cataluña: Lei 5/2008, de 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista.

02 Análise e magnitude da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia o longo do ano 2009.


02.1 Introducción

A poboación en Galicia a 1 de xaneiro do 2009 ascende a **2.796.089** persoas, das cales **1.349.603 son homes (48,27%)** e **1.446.486 (51,73%) son mulleres**, que constitúen, no seu conxunto, o **5,98% da poboación estatal** (46.745.807 persoas).



Evolución da poboación. Galicia 1998-2009:


Ano	Total	Homes	Mulleres
1998	2.724.544	1.310.415	1.414.129
1999	2.730.337	1.312.881	1.417.456
2000	2.731.900	1.312.391	1.419.509
2001	2.732.926	1.314.078	1.418.848
2002	2.737.370	1.316.721	1.420.649
2003	2.751.094	1.324.385	1.426.709
2004	2.750.985	1.324.987	1.425.998
2005	2.762.198	1.330.703	1.431.495
2006	2.767.524	1.333.797	1.433.727
2007	2.772.533	1.337.159	1.435.374
2008	2.784.169	1.344.268	1.439.901
2009	2.796.089	1.349.603	1.446.486



Poboación de Galicia segundo rango de idade:


Rango idade	Total	Homes	Mulleres
0-4	109.480	56.575	52.905
5-9	104.987	54.083	50.904
10-14	103.642	53.310	50.332
15-19	123.863	63.650	60.213
20-24	149.551	76.086	73.465
25-29	197.456	100.041	97.415
30-34	230.829	116.309	114.520
35-39	219.049	109.668	109.381
40-44	211.546	105.173	106.373

45-49	201.879	100.264	101.615
50-54	186.827	92.312	94.515
55-59	172.946	85.012	87.934
60-64	172.213	83.018	89.195
65-69	142.651	66.886	75.765
70-74	146.747	65.464	81.283
75-79	138.410	58.215	80.195
80-84	96.784	36.876	59.908
85 e máis	87.229	26.661	60.568



Nacementos segundo sexo. Galicia 1996 - 2008:


Ano	Total	Homes	Mulleres
1996	18.597	9.529	9.068
1997	18.683	9.647	9.036
1998	18.538	9.621	8.917
1999	18.784	9.691	9.093
2000	19.418	10.052	9.366
2001	19.361	9.955	9.406
2002	19.327	9.987	9.340
2003	20.423	10.539	9.884
2004	20.621	10.652	9.969
2005	21.097	10.867	10.230
2006	21.392	11.075	10.317
2007	21.752	11.216	10.536
2008	23.062	11.914	11.148



En Galicia, ao igual que no resto do mundo, nacen máis homes que mulleres (uns 105 homes por cada 100 mulleres); sen embargo, ao ter as mulleres unha esperanza de vida superior á dos homes, ao final da vida, a proporción queda equilibrada ou incluso sobreviven máis mulleres.


Evolución da esperanza de vida por sexo en Galicia 1998 - 2007:

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Total	79	79,3	79,5	80,1	80,3	80	80,5	80,7	81,1	81,1
Homes	75,1	75,5	75,7	76,5	76,6	76,5	76,9	77	77,4	77,4
Mulleres	82,7	83	83,2	83,6	83,9	83,5	84,2	84,4	84,7	84,7




Ano	Ao nacer			Aos 65 anos		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
1998	79,0	75,1	82,7	19,3	17,0	21,1
1999	79,3	75,5	83,0	19,1	16,9	20,9
2000	79,5	75,7	83,2	19,4	17,2	21,3
2001	80,1	76,5	83,6	19,8	17,5	21,8
2002	80,3	76,6	83,9	20,0	17,8	21,9
2003	80,0	76,5	83,5	19,7	17,5	21,6
2004	80,5	76,9	84,2	20,1	17,7	22,0
2005	80,7	77,0	84,4	20,2	17,8	22,2
2006	81,1	77,4	84,7	20,5	18,2	22,4
2007	81,1	77,4	84,7	20,4	18,0	22,4

INE. Padrón municipal de habitantes. IGE, INE. Movemento natural da poboación.
A esperanza de vida calcúlase coas defuncións do ano de referencia e a poboación do padrón a 1 de xaneiro do mesmo ano




Poboación segundo o tamaño do concello de residencia:


	Total Galicia		
	Total	Homes	Mulleres
2.000 ou menos	111.491	54.693	56.798
2.000-5.000	364.550	177.552	186.998
5.000-10.000	437.832	212.153	225.679
10.000-20.000	533.315	258.823	274.492
20.000-50.000	293.123	142.684	150.439
mais de 50.000	955.569	448.473	507.096




Provincia de A Coruña			
	Total	Homes	Mulleres
Total A Coruña	1.096.027	525.388	570.639
2.000 ou menos	17.592	8.670	8.922
2.000-5.000	94.728	46.363	48.365
5.000-10.000	218.477	106.157	112.320
10.000-20000	201.375	97.863	103.512
20.000-50000	159.338	77.804	81.534
mais de 50.000	404.517	188.531	215.986




Provincia de Lugo			
	Total	Homes	Mulleres
Total Lugo	357.648	173.339	184.309
2.000 ou menos	24.764	12.408	12.356
2.000-5.000	112.936	55.835	57.101
5.000-10.000	68.951	33.552	35.399
10.000-20.000	62.583	30.147	32.436
20.000-50.000	0	0	0
mais de 50.000	88.414	41.397	47.017



Provincia de Ourense			
	Total	Homes	Mulleres
Total Ourense	338.446	161.968	176.478
2.000 ou menos	66.732	32.450	34.282
2.000-5.000	82.672	39.912	42.760
5.000-10.000	43.135	20.915	22.220
10.000-20.000	38.397	18.570	19.827
20.000-50.000	0	0	0
mais de 50.000	107.510	50.121	57.389




Provincia de Pontevedra			
	Total	Homes	Mulleres
Total Pontevedra	903.759	433.683	470.076
2.000 ou menos	2.403	1.165	1.238
2.000-5.000	74.214	35.442	38.772
5.000-10.000	107.269	51.529	55.740
10.000-20.000	230.960	112.243	118.717
20.000-50.000	133.785	64.880	68.905
mais de 50.000	355.128	168.424	186.704



02.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das comunidades autónomas.

No ano 2009 rexistráronse un total de 159.202 chamadas ao teléfono estatal 016, das cales 7.070 foron efectuadas dende Galicia, o que supón o 4,4% do total de chamadas realizadas en España, porcentaxe altamente superada por Madrid (24,5%), Andalucía (16,1%), Cataluña (13,4%), Comunidade Valenciana (10,3%) ou Canarias (6,1%)



Fonte: Ministerio de Igualdad.

Extraído de

<http://www.migualdad.es/ss/Satellite?blobcol=urldata&blobheader=application%2Fpdf&blobheadername1=Content-disposition&blobheadervalue1=inline&blobkey=id&blobtable=MungoBlobs&blobwhere=1244652551241&ssbinary=true>

02.3 Mulleres mortas por violencia de xénero. Galicia 2009

Galicia rexistrou o remate do 2009 tres mortes por violencia de xénero, catro menos que en todo o exercicio 2008, cifra que representa o 7,14% dos casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2009.


Mulleres mortas por violencia de xénero nas provincias galegas	
A Coruña	2
Lugo	0
Ourense	1
Pontevedra	0
Total	3

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade.

Evolución do número de mortes violentas en Galicia no período 1999-2009. Comparativa co resto da España.


	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
España										
Número	63	50	54	71	72	57	68	71	76	56
Galicia										
Número	4	0	3	5	2	1	0	6	7	3

Fonte: Ministerio de Igualdad. Instituto de la Mujer. Extraído de <http://www.migualdad.es> Nota: Inclúense aqueles casos nos que o agresor é o cónxuxe, ex cónxuxe, compañeiro sentimental, ex compañeiro sentimental, noivo ou ex noivo.



Evolución do número de mortes violentas en Galicia no período 2007-2009. Comparativa co resto das comunidades autónomas.

	2007	2008	2009
Andalucía	8	9	14
Aragón	2	1	0
Asturias	2	1	0
Baleares	1	1	1
Canarias	6	5	5
Cantabria	2	0	0
Castilla la mancha	5	3	1
Castilla y León	3	6	1
Cataluña	11	10	10
C. Valenciana	10	10	9
Extremadura	0	0	1
GALICIA	6	7	3
Madrid	9	11	5
Murcia	2	4	2
Navarra	1	3	0
País Vasco	2	3	2
La Rioja	0	2	0
Ceuta	0	0	1
Melilla	1	0	0
TOTAL	71	76	55



As cifras representadas evidencian, no ano 2009, un descenso no número de casos de mortes por violencia de xénero con respecto os dous anos anteriores. Galicia pasou de ocupar un cuarto lugar entre as

comunidades autónomas con maior número de casos de mortes por violencia de xénero no territorio español, a un sexto posto no 2009, amplamente superada por Andalucía, Cataluña e Comunidade Valenciana, e, en menor medida, superada tamén por Canarias e Madrid.

02.4 Casos

Características dos casos de mortes por violencia de xénero en Galicia	
Caso 1	Caso 2
Data: 16 de xullo de 2009 Localidade: A Coruña (A Coruña) Idade da vítima: 38 Idade do agresor: 44 Nacionalidade da vítima: peruana Nacionalidade do agresor: peruano Tipo de relación: parella Método do crime: arma branca Denuncia previa por violencia: Non	Data: 7 de agosto de 2009 Localidade: Coristanco (A Coruña) Idade da vítima: 74 Idade do agresor: 77 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: cónxuxes Método do crime: golpes cun obxecto contundente Denuncia previa por violencia: Non
Caso 3	Caso 4 *
Data: 24 de agosto de 2009 Localidade: Toén (Ourense) Idade da vítima: 19 Idade do agresor: 32 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: ex noivos Método do crime: estrangulamento Denuncia previa por violencia: Si, retirada posteriormente.	Data: 10 de febreiro de 2009 Localidade: Ourense (Ourense) Idade da vítima: 26 Idade do agresor: 48 Nacionalidade da vítima: brasileira Nacionalidade do agresor: española Método do crime: estrangulamento. Arroxada ao río Avia Denuncia previa por violencia: Non
* Este caso, dado que aparentemente non se trataba dunha relación no marco da parella ou ex-parella ou "análoga relación de afectividade", non aparece rexistrado nas estatísticas oficiais do Ministerio de Igualdade e o Ministerio de Xustiza como un caso de violencia de xénero, aínda que, aparentemente, presenta certos rasgos que poderían dar lugar a que chegara a ser tipificado como outro caso de morte por violencia de xénero.	

02.5 Acreditación da situación de violencia de xénero

Para os efectos da Lei 11/2007, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase por calquera das seguintes formas:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
- c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- e) Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

02.6 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2009. Comparativa cos datos globais do territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a Muller, dende o día 1 de xaneiro do 2009 ata o 30 de setembro, rexistráronse, no territorio español, un total de 31.852 solicitudes de ordes de protección, das cales foron adxudicadas 22.512 (o 71% dos casos). Das 31.850 solicitudes, atribúenselle a Comunidade Autónoma de Galicia 1.008 solicitudes, das que se resolveron favorablemente 631 ordes (63%).

Total ordes de protección solicitadas e adoptadas					
Período	Territorio	Incoadas	Resoltas Adoptadas	% adoptadas	Resoltas denegadas
3º trimestre	Galicia	357	212	59%	145
	Total España	10.909	7.561	69%	3.370
2º trimestre	Galicia	318	186	58%	137
	Total España	10.717	7.520	70%	3.210
1º trimestre	Galicia	333	233	70%	99
	Total España	10.226	7431	73%	3014
1 xaneiro / 30 setembro	Galicia	1.008	631	63%	381
1 xaneiro / 30 setembro	España	31.852	22.512	71%	9.594

Fonte: Informes elaborados polo "Consejo General del Poder Judicial"

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/versuite/GetRecords>

Os datos facilitados so contemplan os tres primeiros trimestres do ano 2009 (1 xaneiro 2009- 30 setembro 2009)

02.7 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2009. Comparativa co total de denuncias e renuncias presentadas no territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a Muller, dende o día 1 de xaneiro do 2009 ata o 30 de setembro, rexistráronse, no territorio español, un total de 103.909 denuncias por violencia de xénero, ao mesmo tempo que se contabilizaban 12.798 renuncias ao proceso (o 12 % dos casos). Das 103.900 denuncias, compútanselle a Comunidade Autónoma de Galicia 4.602 (4,43%) das cales 350 (8%) renunciaron ao proceso.

Denuncias e renuncias presentadas						
Período		Denuncias recibidas	Renuncias o proceso	Denuncias por cada 10.000 mulleres	Rateo renuncias / denuncias	Ratio ordes / denuncias
1º trimestre	Galicia	1.422	95	5,1	7%	23%
	Total España	33.656	3.930	7,2	12%	30%
2º trimestre	Galicia	1.587	139	11,2	9%	20%
	Total España	3.4983	4.393	15,1	13%	31%
3º trimestre	Galicia	1.593	116	11,2	7%	22%
	Total España	35.270	4.475	15,2	13%	31%
1-01 / 30-09	Galicia	4.602	350		8%	22%
1-01 / 30 -09	Total España	103.909	12.798		12%	31%

Fonte: Informes elaborados polo “Consejo General del Poder Judicial”

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/eversuite/GetRecords>

Os datos facilitados so contemplan os tres primeiros trimestres do ano 2009 (1 xaneiro 2009- 30 setembro 2009)

03 Medidas e actuacións levadas a cabo pola Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2009 no marco da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

03.1 Introducción

A Lei parte duns principios xerais que orientan todo o seu contido:

- A violencia é considerada como unha forma extrema de desigualdade entre homes e mulleres. Segundo este principio, constitúe unha das formas mais graves de discriminación cara as mulleres, por conseguinte, atenta radicalmente contra o principio de igualdade, principio constitucional do noso Estado Democrático e de Dereito.

Este postulado leva implícito que as políticas para loitar contra a violencia dirixida as mulleres, estean intimamente vinculada ao logro da igualdade entre os sexos e que, en definitiva, o obxectivo último de toda intervención en violencia de xénero deba ir dirixido a alterar a estrutura básica e universal de desigualdades e asimetría nas relacións entre homes e mulleres.

- O carácter integral tradúcese en varias instancias. Por un lado, a erradicación da violencia é unha cuestión pública e compete aos poderes públicos a súa abordaxe tanto na prevención como no tratamento. Por outro lado, obriga a todas as instancias a intervir na totalidade dos danos ocasionados ás vítimas e en todas as fases do proceso (detección, denuncia, asistencia, recuperación, reinserción, etc.)

- O seu tratamento é complexo, transversal e multidisciplinar e esixe incorporar un enfoque global.

- Os instrumentos de intervención deben partir dunha análise diferenciada e sistemática das necesidades específicas de ambos sexos e do diferente impacto que as políticas públicas teñen sobre homes e mulleres, na formación especializada en xénero dos operadores públicos e no desenvolvemento de accións combinadas dirixidas ás mulleres e accións xerais para toda a sociedade.

- Incorpora a lei o concepto de vitimación secundaria: Unha persoa que resulta vitimizada pola vivencia de situacións de maltrato pode volver a ser vitimizada ó recurrir a institucións ou a profesionais de axuda se estes non fan un axeitado manexo da intervención. Evitar a segunda vitimación ou retraumatizacións debe ser obxectivo inmediato e para iso a Lei contempla medidas que garanten a especialización e a formación en xénero de todos os colectivos profesionais que interveñan no proceso e a integridade psicolóxica, autonomía social e económica das mulleres, a través da disposición dos recursos axeitados.

- Asimesmo, promulga os principios de cooperación e coordinación: estes principios deben inspirar as actuacións de todos os poderes públicos para optimizar os recursos, os mecanismos e a eficiencia das políticas así como a participación dos colectivos e asociacións de mulleres; en definitiva, a organización da sociedade civil.

- Tamén está presente o principio de equidade territorial: Con este principio a Lei pretende asumir a realidade da dificultade de acceso aos recursos e á información de moitos colectivos de mulleres, especialmente ás que viven no medio rural. Así, o desenvolvemento da rede de recursos e mecanismos de protección deberá ter en conta sistemas de compensación destes desequilibrios territoriais.

03.2 Título 1: Prevención da violencia de xénero

Neste apartado faise referencia ás disposicións adoptadas e enfocadas a abordar diferentes medidas de prevención da violencia de xénero, como son as dirixidas a unha axeitada sensibilización social, resaltando o papel

que deben cumprir os medios de comunicación, as medidas de investigación e formación e por último as medidas no ámbito educativo.

Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero.

Artigo 6.Deseño, elaboración e difusión de campañas.
Artigo 7.Fomento do movemento asociativo.
Artigo 8.Actividades culturais e artísticas.
Artigo 9.Tratamento da información.
Artigo 10.Convenios de autorregulación.
Artigo 11.Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.

Ao longo do ano 2009 e coa finalidade de favorecer que todos os colectivos, ámbitos públicos e privados, así como toda a sociedade en xeral, acaden unha sensibilidade cara este grave problema social e sobre o que urxe dar unha resposta eficaz, leváronse a cabo dende diversos departamentos da Xunta de Galicia importantes actuacións neste sentido:

A Secretaría Xeral de Igualdade participou na posta en marcha dunha iniciativa levada a cabo o 14 de xullo contra a violencia de xénero promovida desde o Concello de Betanzos en colaboración coa área de Igualdade da Xunta de Galicia.

A alcaldesa de Betanzos, a secretaria xeral da Igualdade, o subdelegado do Goberno na Coruña e o vicepresidente da FEGAMP, participaron na posta en marcha dunha iniciativa circulante para todos os concellos de Galicia materializada nun libro de sinaturas no que toda a xente sensibilizada en materia de violencia de xénero pode asinar. O libro pasa dúas semanas en cada concello galego.

Previamente, ao acto inaugural do libro contra a violencia de xénero, a secretaria xeral, en colaboración coas mulleres da asociación veciñal de Xan Rozo, colgaron un cartel do balcón do edificio municipal en contra da violencia contra as mulleres. Este cartel de carácter permanente ten como obxectivo sensibilizar á cidadanía betanceira sobre esta problemática e visibilizar o número de mulleres asasinadas cun lazo verde por cada unha delas.

Curso de verán sobre igualdade e violencia de xénero organizado pola Universidade de Santiago de Compostela: “loitando pola igualdade e contra a violencia de xénero”

Acontecemento celebrado o 15 de xullo no que participa a Secretaría Xeral da Igualdade xunto coa Secretaría Xeral de Igualdade do Ministerio

de Igualdade e a Concelleira de Muller de Vilagarcía. Neste acto deixouse patente a importancia de continuar organizando actividades que sensibilicen, informen e formen en materia de igualdade e que contribúan a erradicar a grave problemática da violencia de xénero.

Xornadas de análise e reflexión sobre a prostitución e trata en Galicia. Coa finalidade de retomar o contacto coas entidades que colaboran no seu momento coa Xunta de Galicia no desenvolvemento dos programas europeos ISADORA e IRIS, entidades que traballan na Comunidade Autónoma de Galicia na atención ás mulleres protituídas e traficadas, o 11 de xullo de 2009 celebrouse unha xuntanza, convocada pola Secretaría Xeral de igualdade na que se reuniron as ditas entidades para analizar as necesidades que se derivan da súa actividade e presentar as propostas de mellora que considerarían prioritarias para ser tidas en conta pola Administración Galega.

Á xuntanza asistiron representantes da Secretaría Xeral da Igualdade e das entidades que traballan en Galicia na atención ás mulleres prostituídas e traficadas.

Obxectivo xerais da xornada:

- Restablecer o contacto ente as entidades e a Administración do goberno galego, así como o traballo conxunto e a comunicación habitual.
- Coñecer a situación actual na que as entidades desenvolven o seu traballo así como as necesidades, intereses e demandas do colectivo atendido.
- Tomar decisións sobre medidas que poderán acometerse neste eido para mellorar a situación das mulleres.

Principais aspectos e temas tratados na xornada:

- A creación e posta en marcha desde hai case dous anos da “Red Galicia-Asturias de lucha contra la trata de personas”, e a colaboración con esta rede.

Este grupo quere ser o motor dunha rede máis ampla que traballe na loita contra a trata de persoas a nivel autonómico e estatal para atender aquelas cuestións que sobrepasan a violencia sufrida polas persoas que están en explotación. As entidades que están representadas na rede son Médicos do Mundo, ACOLLE, ACCEM, Amnistía Internacional, Hermanas Oblatas e Caritas, entre outras que traballan directamente en temas de prostitución.

Ten dous obxetivos básicos:

- Defender ante a sociedade a vulneración dos dereitos humanos que sufren as vítimas de trata.
- Dar voz ás persoas ás que se atenden.

Dada a complexidade do traballo pola dispersión e falla de recursos, as actuacións iniciais centraríanse en:

- Atender as demandas.
- Acadar a sensibilización da propia rede.
- Elaborar unha identificación conceptual consensuada do termo “trata”.

Expuxéronse as seguintes demandas:

- Necesidade dun maior volume de recursos para levar a cabo as propostas e proxectos, tanto económicos como persoais (mediadores/as familiares, mediadores/as interculturais, ás veces tradutores/as, etc)
- Non esixencia para a obtención da tarxeta sanitaria de empadramento e/ou identificación, senón dun informe dunha entidade que atende o colectivo.
- Atención á saúde integral das persoas, pois son frecuentes as demandas de información e/ou asesoramento ante problemas xinecolóxicos, interrupción de embarazos, etc.
- Sensibilización dos servizos públicos que atenden ás persoas coa finalidade de que se coñeza mellor as problemáticas, para que se cree un clima de confianza que permita e mellore o desapego dos recursos específicos cara a servizos normalizados.
- Sensibilización a nivel educativo e atención especial ás persoas maiores. Pedagogía da clientela.
- Facilitar a saída da exclusión xurídica, por exemplo a través da consolidación por arraigo social ou de poder acceder á Renda de Inserción Social.
- Xornadas de colaboración cos países de orixe das mulleres para dar formalidade a encontros e tarefas da rede informal de contactos.
- Traballar na creación e mantemento dunha rede social para estas mulleres cara mellorar o seu empoderamento persoal e social:
 - Formación especializada ao persoal dos CIM para que poidan dar atención xurídica ou psicolóxica ás mulleres e poder usarse como un recurso normalizado.
 - Educación especializada á xudicatura, medios de comunicación, axentes sociais, mestres/as, etc. e visibilización dos “factores de permanencia”.
- Formación específica, desde a Academia Galega de Seguridade Pública.
- Promoción da investigación neste eido.

- Creación dunha liña de publicacións que acheguen ás persoas interesadas a esta temática.

Unha vez presentadas as diferentes suxestións e demandas sulíñáronse catro temáticas básicas:

1.- Necesidade de establecer unha rede social de atención e apoio ás mulleres. Para conseguilo traballárase fundamentalmente nas seguintes liñas: traballo individualizado, formación en habilidades sociais, coñecemento de idiomas, ferramentas de acceso á información, participación en formación nas convocatorias xerais e en actividades de ocio e tempo de lecer, tamén para ós/as fillos/as e abertos á sociedade en xeral.

Os recursos necesarios para desenvolver ese traballo serían os propios da contorna, así como os servizos sociais, as asociacións de mulleres, centros socioculturais, etc.

2.- Visibilización e conceptualización da prostitución. Destácanse como obxetivos: coñecer exhaustivamente os datos da situación actual sobre o tema, conceptualizar a prostitución como fenómeno social e motivo claro de exclusión e tamén controlar exhaustivamente as mensaxes que se transmiten á sociedade en relación a prostitución.

3.- Condena social. O obxectivo principal sería contribuír á delimitación social das vítimas e dos culpables desta situación.

4.- Saúde. O obxectivo sería potenciar protocolos de atención integral biosocial.

Campaña con motivo do 23 de setembro, día Internacional contra a Explotación Sexual e a trata.



Con esta iniciativa, o Goberno galego pretende sensibilizar e denunciar a situación de violencia e escravitude que están a vivir moitas persoas no mundo; por conseguinte, no marco do conxunto de medidas da Xunta a implementar para erradicar todo tipo de violencia contra ás mulleres, a Secretaría Xeral de Igualdade organiza unha serie de actos.

- O día 21 de setembro, inaugurase a exposición "Mulleres de Vida Alegre?" cedida temporalmente á Secretaría Xeral da Igualdade por Médicos do Mundo Galicia. Esta exposición, que se ubicou no centro comercial Área Central até o día 30 de setembro, serviu para amosar a

situación á que se viron expostas mulleres prostituídas buscando unha reflexión sobre a vida das persoas que exercen a prostitución.

- 25 de setembro: Xornada contra a explotación sexual e a trata. Xornada de análise e estudo sobre a casuística da explotación sexual e a trata de persoas, na que participa o Fiscal Superior de Galicia, o Conselleiro da Presidencia e a secretaria xeral da Igualdade, ademais doutros membros do goberno galego. Durante a xornada proxectouse o documental "Voces contra la trata" dirixido por Mabel Lozano. A directora do documental participou nun coloquio coas persoas asistentes, unha vez rematada a proxección. Finalmente, desenvolveuse unha mesa redonda na que participaron representantes de ONGs que traballan con vítimas de explotación sexual e trata, e a fiscal da Adscrición Permanente de Vigo da Fiscalía da Audiencia Provincial de Pontevedra. Participaron nestas xornadas máis de 100 persoas.

Campaña 25 de novembro 2009: día Internacional contra a Violencia de xénero.



Baixo o slogan "Cambiar o seu futuro depende de nos" esta campaña busca a implicación activa de todos e de todas ante a violencia de xénero, apelando fundamentalmente á responsabilidade que temos na educación das xeracións futuras co convencemento de que só educando en valores de igualdade seremos capaces de erradicar a violencia de xénero.

No marco da campaña deste ano fóronse desenvolvendo diversos eventos en colaboración con outras entidades:

- Mércores 25 de novembro, inauguración por parte do Presidente da Xunta de Galicia e a Secretaria Xeral da Igualdade, da exposición "Todo segue igual...?" do artista David Trujillo, que ofrece unha reflexión sobre a violencia contra as mulleres e a súa representación nos medios de comunicación, ollando de xeito crítico o tratamento estereotipado que se da tantas veces aos diferentes casos dos que temos noticia. Na vontade de sensibilizar á sociedade galega sobre o necesario e urxente rexeitamento de toda forma de violencia contra as mulleres, a mostra de David Trujillo é unha homenaxe que a Xunta de Galicia quere render a todas as vítimas e unha porta aberta á ilusión dun futuro en paz e liberdade.
- Emisión durante os meses de novembro e decembro do spot oficial da campaña institucional contra a violencia de xénero na CRTVG, así como cuñas nas emisoras de radio.

- Elaboración e difusión masiva por toda Galicia de 50.000 cartelóns publicitarios co lema da campaña e presenza en vallas publicitarias de gran tamaño nas cidades da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo entre o 23 de novembro e o 23 de decembro, así como insercións do anuncio institucional en todos os xornais de gran tirada.

- Proxección durante 2 semanas dun spot publicitario coa mensaxe da campaña en todas as salas comerciais de cine de Galicia, así como nas proxeccións realizadas a partir do 23 de novembro e ata o seu remate, no Festival Cineuropa, celebrado en Santiago de Compostela.

- Rotulación de autobuses urbanos que circularon durante tres semanas nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Ferrol e Vigo coa imaxe da campaña institucional.



- Colaboración coa confederación de Empresarios da Hostalería de Galicia CEHOSGA para a difusión de 55.000 pegatinas de vinilo transparente para ser pegadas nos espellos dos cuartos de baño de todos os locais de hostalería asociados a CEHOSGA, pegatinas nas que figura o telefono gratuito 24 horas 900-40027, de información ás mulleres. A idea da campaña xurde do feito de que as mulleres acoden soas os cuartos de baño dos locais de hostalaría, podendo así facer chamadas dende alí no caso de producirse unha situación de violencia ou de querer recibir asesoramento sensibilización e recursos.

Posta en marcha dun **Plan de Formación, información e sensibilización** no ámbito da violencia de xénero dirixido á poboación inmigrante residente en Galicia.



Este programa, que leva o nome de "Galicia acolle en igualdade" foi o resultado do convenio de colaboración asinado o 3 de novembro entre a Secretaría Xeral da Igualdade, a Secretaría xeral de Emigración e a Asociación de Centros Homologados.

No marco desta iniciativa, clausurada o 21 de decembro, impartíronse obradoiros en distintas localidades das catro provincias galegas, concretamente en Ourense, Verín, Xinzo de Limia, Vigo, Pontevedra, Mos, Marín, Lugo, Viveiro, Ferrol, Culleredo, A Coruña e Narón, é dicir, nas localidades cun maior índice de poboación inmigrante. O obxectivo destas accións formativas, sobre o terreo, era dar información en materia de dereitos humanos e igualdade, así como por ao alcance da poboación inmigrante en Galicia os recursos sociais necesarios fronte a

violencia de xénero. Tratábase de que as persoas chegadas doutros países coñeceran a lexislación vixente, os dereitos que as amparan, pero tamén, en clave práctica, os lugares ós que acudir en caso de ser vítimas, ou coñecedoras, dun caso de malos tratos.

As persoas asistentes ós obradoiros, preto de trescentas, recibiron nocións sobre o concepto de violencia de xénero, os recursos na comunidade autónoma galega nesta materia, os servizos de asistencia a mulleres vítimas de agresións e, máis en concreto, os dereitos específicos das mulleres inmigrantes que padecen violencia de xénero. Para tal fin organizáronse os obradoiros, e tamén editáronse materiais informativos, como guías de recursos e dípticos, difundidos en galego e castelán pero tamén en francés, árabe e romanés, para conseguir romper as barreiras idiomáticas que, en ocasións, impiden a estas persoas solicitar axuda.

No que se refire ao tratamento da información respecto á violencia de xénero, a **Compañía de Radio / Televisión de Galicia** e as súas sociedades, atendendo á súa misión de servizo público, buscan transmitir a toda a sociedade galega unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e dos homes na sociedade; por tal motivo o Consello da Administración da compañía de Radio / Televisión de Galicia na sesión plenaria extraordinaria celebrada o 18 de xullo de 2009, **acordou crear a Comisión de Contidos e Igualdade** do devandito órgano colexiado; posteriormente esta Comisión pasou a denominarse **Comisión de Igualdade**, decisión derivada do desexo das persoas integrantes do Consello de Administración de abordar nela, exclusivamente, cuestións relacionadas coa observancia da normativa vixente en materia de igualdade nos medios públicos de comunicación galegos.

A Televisión de Galicia, durante o exercicio 2009, velou porque os contidos e imaxes proxectadas non resulten contrarios á finalidade e espírito da Lei; promove que cando se difunden noticias relativas á violencia de xénero se agreguen pautas informativas dos recursos de prevención, asistencia e protección existentes en Galicia, así como que se vele polo dereito á intimidade das vítimas e das súas fillas e fillos; rexeita a realización e difusión de contidos e anuncios publicitarios que mediante o seu tratamento ou posta en escena xustifiquen, banalicen ou inciten a violencia de xénero ou nos que se conteña tácita ou implicitamente, mensaxes misóxinos ou que atenten contra a dignidade das mulleres.

Acordo marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Presidencia da Xunta de Galicia e a Compañía de Radio Televisión de Galicia.

Conscientes da importancia vital do papel que os medios de comunicación desempeñan na sensibilización, prevención e visibilización da violencia de xénero, o día 25 de novembro asinouse o Acordo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Presidencia da Xunta de Galicia e a Compañía de Radio Televisión de Galicia no que se establecen medidas como:

- Potenciar a visibilización das mulleres nos diferentes ámbitos (social, político, económico, deportivo, cultural, etc) e a abordaxe de temas relacionados coa igualdade e a loita contra a violencia de xénero.
- Dar cobertura específica, durante os meses de marzo e novembro, aos temas da igualdade e de violencia de xénero co gallo da conmemoración do Día internacional das mulleres (8 de marzo) e do Día internacional para a eliminación da violencia de xénero (25 de novembro), naqueles programas que se considere máis axeitado: debates, entrevistas, etc.
- Incluír na cabeceira dos telexornais as novas relativas aos delitos producidos por causa de violencia de xénero, así como anunciar o número do teléfono de información ás mulleres durante a emisión desas novas (900 400 273) así como nos programas, reportaxes e/ou espazos relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero.
- Promover a creación de grupos de traballo, conxuntamente coa Secretaría Xeral da Igualdade, para o tratamento axeitado dos temas relacionados coa igualdade e coa loita contra a violencia de xénero nos informativos e nos programas de produción propia da CRTVG.

.- Posta en marcha dun Plan de Formación sobre Consumo e o Xénero, dirixido a asociacións de amas de casa, consumidoras/es e usuarios/as de Galicia.

Trátase dunha iniciativa conxunta da Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Comercio - Instituto Galego de Consumo, adscrito á Consellería de Economía e Industria, no que participaron 400 persoas de 20 asociacións de consumidores/as e usuarios/as de toda Galicia, co obxectivo de facilitar a reflexión e a análise da perspectiva de xénero vinculada ás relacións de consumo, incluíndo un módulo específico sobre a violencia de xénero na publicidade (muller "obxecto" *versus* malos tratos).

As xornadas inauguradas o 23 de novembro e rematadas o 4 de decembro enmarcáronse dentro do **convenio de colaboración asinado entre a**

Secretaría Xeral da Igualdade e Instituto Galego de Consumo o 30 de outubro.

O acordo asinado entre os dous organismos, e no que se enmarcan estas xornadas, tivo por obxecto desenvolver un programa de actuacións formativas, dirixido aos distintos colectivos de mulleres participantes, coa meta de analizar o papel actual das mulleres no ámbito do consumo. Así, cabe considerar que, hoxe en día, neste campo, prodúcese as veces un desequilibrio a favor de provedores e en desvantaxe para as persoas consumidoras, namentres que no caso do xénero, é en desvantaxe para as mulleres, podéndose dar, en consecuencia, un dobre menoscabo para a muller consumidora ao xuntar ambos campos.

Con este motivo, o programa de actividades busca, ademais, obxectivos mais precisos como:

- A mellora das actitudes de respecto aos dereitos das persoas; a reflexión e a análise dos procesos que sustentan a actividade de consumo e como inflúen nas relacións de xénero.
- A análise do papel da publicidade na perpetuación dos estereotipos sociais na ‘cosificación’ das mulleres e na incitación á violencia de xénero.
- A educación nos valores do consumo responsable.

A formación estruturouse nunha sesión de catro talleres nos que se abordaron temas diferentes. O primeiro versou sobre a violencia na publicidade: a repercusión da publicidade sobre a nosa percepción da violencia en xeral e da violencia de xénero en particular.

Estas xornadas, desenvolvidas pola comisión mixta que se creou e que está formada por persoas cualificadas tanto da Secretaría Xeral da Igualdade como da Escola Galega de Consumo, ademais de impulsar as actividades e realizar o seu seguimento, realizou unha avaliación das mesmas.

Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.

Artigo 12.Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.
Artigo 13.Rexistros administrativos.
Artigo 14.Formación nas universidades.
Artigo 15.Formación da totalidade das e dos profesionais.

Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.

A Secretaria Xeral da Igualdade aprobou, a través da Resolución do 24 de setembro de 2009, as bases reguladoras e convocou bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero (DOG nº 193. xoves 1 de outubro de 2009).

Neste sentido, a área principal dentro do desenvolvemento deste tipo de proxectos, é a da violencia de xénero. Así, valóranse especialmente os traballos que profundizan nos estereotipos ou valores sociais que transmiten actitudes violentas, así como aqueles que analizan os custos directos ou indirectos da violencia de xénero na comunidade, o acoso sexual no traballo ou as experiencias de prevención nos servizos de saúde.

Así mesmo, as axudas outórganse tamén ás iniciativas que fomentan o emprego feminino, a educación das mulleres, o poder e a toma de decisións destas na sociedade, a súa participación social, e a súa contribución ás novas tecnoloxías.

Para a concesión das axudas previstas nesta resolución destínase crédito polo importe de 360.000€ de acordo coa seguinte distribución:

Ano	Importe crédito
2009	170.000€
	40.000€
2010	120.000€
	30.000€

Resolución do 17 de novembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos de investigación.(DOG nº 228. 20 de novembro de 2009)

O Servizo Galego de Igualdade apoiou con 900.000 euros a colaboración co sector universitario e organismos públicos de investigación, para a promoción da igualdade. Estas subvencións teñen como obxectivo implementar actuacións específicas de igualdade de oportunidades no

Sistema Universitario Galego e nos centros de investigación, promovendo a investigación, a creación e mantemento de centros, oficinas, cátedras e unidades de xénero, e a realización de cursos e actividades específicas neste eido.

As axudas convocadas concédense sobre a base do compromiso de desenvolver programas que teñan como obxectivo principal, temas relacionados coa igualdade de oportunidades e os problemas actuais das mulleres.

Xunto coa creación ou mantemento de oficinas de igualdade, e centros e unidades específicas que traballen nesta materia, a Xunta de Galicia pretende fomentar a realización de cursos de posgrao, conferencias, xornadas e actividades sobre cuestións de xénero, ou que integren unha perspectiva de xénero e incentivar o desenvolvemento e difusión de estudos e investigacións sobre a materia.

Os proxectos de investigación e os cursos, conferencias, xornadas e actividades subvencionadas, deberon enmarcarse dentro das seguintes áreas ou temas prioritarios:

- Políticas públicas.
- Igualdade entre homes e mulleres na vida económica.
- Participación na toma de decisións.
- Promoción da calidade de vida das mulleres.
- Fomento da igualdade civil.
- Transmisión de valores e actitudes igualitarias.
- Conciliación da vida social, persoal e laboral das mulleres.
- Cooperación.
- **Violencia de xénero e prostitución.**
- Colectivos de mulleres en risco de exclusión social.
- A igualdade na aplicación da lei.
- Situación (pasado, presente e futuro) das mulleres en Galicia

Para a concesión das axudas desta resolución destinouse crédito polo importe de 900.000€ de acordo coa seguinte distribución:

Ano	Importe crédito
2009	400.000€
2010	500.000€

Estas aplicacións están cofinanciadas ao 80% con fondos FSE (eixe 3, tema prioritario 72, do Programa operativo de Galicia 2007/2013).

Formación das e dos profesionais

Coa posta en marcha, no mes de decembro do 2008, da plataforma de aprendizaxe electrónica en materia de violencia www.igualdadeforma.org, a Secretaría Xeral da Igualdade tentou fomentar a reflexión sobre as causas e formas da violencia de xénero, así como facilitar ás e os profesionais de ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero (profesionais da sanidade, servizos sociais, educación, forzas e corpos de seguridade, psicoloxía e as operadoras e operadores xurídicos), formación básica e metodolóxica para a prevención, atención, asistencia e tratamento de situacións de violencia machista.

Ao longo do ano 2009 leváronse a cabo os seguintes cursos formativos

Curso	Período docencia	Nº horas	Nº prazas
Curso básico de formación en v. De x. (2ª edición)	16/02 a 15/03	20	
Curso básico de formación en v. de x. (4ª edición)	16/02 a 15/03	20	
V. de X: Ámbito educación	26/01 a 08/03	30	40
V. de X: Ámbito educación (2ª edición)	18/05 a 28/06	30	
V. de X: Ámbito educación (3ª edición)	18/05 a 28/06	30	
V. de X: Ámbito educación (4ª edición)	18/05 a 28/06	30	
V. de X: Ámbito forzas e corpos de seguridade.	19/01 a 01/03	30	40
V. de X: Ámbito forzas e corpos de seguridade (2ª edic.)	13/04 a 24/05	30	
V. de X: Ámbito medios de comunicación.	19/01 a 01/03	30	40
V. de X: Ámbito medios de comunicación (2ª edición)	16/02 a 29/03	30	
V. de X: Ámbito psicoloxía	26/01 a 08/03	30	40
V. de X: Ámbito psicoloxía (2ª edición)	18/05 a 28/06	30	
V. de X: Ámbito psicoloxía (3ª edición)	18/05 a 28/06	30	
V. de X: Ámbito sanidade	19/01 a 01/03	30	40
V. de X: Ámbito sanidade (2ª edición)	16/02 a 29/03	30	
V. de X: Ámbito servizos sociais	19/01 a 01/03	30	40
V. de X: Ámbito de servizos sociais (2ª edición)	13/04 a 24/05	30	
V. de X: Ámbito de servizos sociais (3ª edición)	13/04 a 24/05	30	
V. de X: Ámbito de servizos sociais (4ª edición)	13/04 a 24/05	30	
V. de X: Ámbito de servizos sociais (5ª edición)	13/04 a 24/05	30	
V. de X: Ámbito de servizos sociais (6ª edición)	13/04 a 24/05	30	
Violencia. Ámbito xurídico	26/01 a 08/03	30	40
Violencia. Ámbito xurídico (2ª edición)	18/05 a 28/06	30	

* V. de X = violencia de xénero

Desenvolvemento de obradoiros sobre o Síndrome de Burn-out para o persoal dos Centros de Información ás Mulleres que prestan asesoramento e atención ás vítimas de violencia de xénero. Trátase de obradoiros dirixidos a previr ou paliar entre o persoal técnico que atende ás vítimas de violencia de xénero o chamado síndrome de Burn-out ou "síndrome do queime profesional". Teñen como obxectivo principal axudar ás persoas participantes a adquirir estratexias prácticas

para xestionar e optimizar os seus estados emocionais, integrar recursos para optimizar o seu nivel de saúde, benestar e satisfacción persoal/profesional e explorar modelos e marcos de referencia que promovan a visión optimista e a humanización das relacións sociais e laborais.

Formación do profesorado adscrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: desde a entrada en vigor da lei 11/2007 ata a actualidade realizáronse 32 actividades de formación relacionadas coa prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Estas actividades leváronse a cabo nas diferentes modalidades de formación contempladas nos plans anuais de formación do profesorado do período considerado.

A continuación detállase un resumo destas actividades:

Titulo	CFR	Modalidade	Data inicio	Data de fin
Cidadanía, arte e violencia	Ferrol	Seminario permanente	17/11/2008	01/06/2009
Igualdade, traballando cara a ela	Ferrol	G.traballo	19/01/2010	31/05/2010
Violencia e mundo contemporáneo: "Masa e poder de Canetti"	Ferrol	Seminario permanente	12/11/2009	31/05/2010
Educación en igualdade	Lugo	Curso	15/10/2009	23/11/2009
Actividades para traballar e previr a violencia de xénero dende o centro educativo	Ourense	G.traballo	22/01/2009	01/06/2009
Actividades para traballar e previr a violencia de xénero dende o centro educativo	Ourense	G.traballo	22/01/2009	01/06/2009
Diálogos para a convivencia. O currículo da non violencia	Ourense	Curso	02/11/2009	16/11/2009
Pasado, presente e futuro das mulleres na educación, na ciencia e nas tecnoloxías da información e da comunicación. II Xornadas	Pontevedra	Xornadas	23/03/2009	01/04/2009
A igualdade de xénero a través das TIC	Pontevedra	G.traballo	23/01/2009	01/06/2009
A igualdade de xénero a través das TIC	Pontevedra	G.traballo	23/01/2009	01/06/2009
Construción dun eu individual e social na adolescencia, cara a prevención da violencia e do absentismo escolar	Santiago	G.traballo	12/12/2008	01/06/2009
Mulleres entre bastidores: un proxecto de educación documental	Santiago	G.traballo	12/12/2008	01/06/2009
Convivencia escolar e prevención da violencia.	Vigo	G traballo	18/12/2009	30/06/2010
A perspectiva de xénero no labor docente	Servizos Centrais	Distancia	16/03/2009	15/06/2009
XI Foro de Educación en Igualdade. O currículo educativo: aplicacións prácticas	Servizos Centrais	Xornadas	23/10/2009	24/10/2009

Capítulo III: Medidas no ámbito educativo

Artigo 16.Actitudes.
Artigo 17.Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero.
Artigo 18.Edición e adaptación de materiais.
Artigo 19.Revisión e adaptación do currículo educativo.
Artigo 20.Plans de acción tutorial.
Artigo 21.Proxectos educativos e curriculares de centro.
Artigo 22.Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia.
Artigo 23.Inspección educativa.

A relevancia que ten a educación primaria e secundaria e o sistema educativo non universitario na eliminación da violencia contra as mulleres e as nenas é ben coñecida; por tal motivo, a comunidade escolar é un ámbito de intervención prioritario para a prevención de actitudes e comportamentos sexistas e de aprendizaxe de modelos de relacións igualitarias e tolerantes.


Varias son as liñas estratéxicas das políticas educativas implementadas polo goberno galego, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- Os currículos das diferentes áreas de educación Infantil, Primaria, Secundaria obrigatoria e Bacharelato inclúen nos elementos curriculares (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) os principios que impregnan esta lei, sobre todo, na asimilación de valores e actitudes.
- Nos Plans de Acción Tutorial, dentro da autonomía pedagóxica dos centros, faise especial fincapé na eliminación de discriminacións e estereotipos sexistas.
- A supervisión dos materiais curriculares, de acordo coa LOE, é función da Inspección Educativa que no seu labor ten en conta estas. Así mesmo a administración aporta materiais e bibliografía para que os centros poidan facer un traballo eficaz.
- As comisións de escolarización presididas pola Inspección Educativa teñen instrucións para o tratamento especial dos casos derivados da violencia de xénero.
- Nos Proxectos de innovación educativa e nos Plans de formación do profesorado considérase liña prioritaria a inclusión, a igualdade, a non violencia e a cultura de paz.

Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero

A Xunta de Galicia, escolarizou de xeito inmediato ás nenas e nenos afectados por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero, facilitando unha atención especial a este alumnado no centro educativo. O número de casos ata o momento por provincia é o seguinte:

Provincias	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Curso 07-08	0	0	4	0
Curso 08-09	2	0	5	4
Curso 09-10	0	0	2	3



Inspección educativa.

Os servizos de inspección educativa velan polo cumprimento e aplicación de todos os principios recollidos na Lei, destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes, dado que unha das funcións da inspección educativa, recollidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación é “velar polo cumprimento, nos centros educativos, das leis, regulamentos e demais disposicións vixentes que afecten ao sistema educativo”.

03.3 Título II: Protección e asistencia fronte a violencia de xénero

Neste apartado compréndense as medidas enfocadas a regular as actuacións tanto dos poderes públicos como do persoal profesional co fin

de garantir unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral a mulleres vítimas de violencia de xénero: medidas de protección tales como dispositivos de alarma (teleasistencia) programas de reeducación; así mesmo, fai referencia ás distintas prestacións e axudas económicas para as mulleres en situación de violencia, como a prestación periódica establecida pola Xunta de Galicia, dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica, ou as prestacións derivadas das obrigas contidas na lei estatal 1/2004.

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico

Artigo 24.Dereito á atención sanitaria.
Artigo 25.Atención psicolóxica.
Artigo 26.Protocolo de actuación.
Artigo 27.Rexistro de casos.

Atención psicolóxica

Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores , así como outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

Este programa está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero ou doméstica coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.

O programa xestiónase a través dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicología, polo que se conta cunha rede de profesionais que levan a cabo a súa intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Asimesmo, préstase un servizo telefónico de asesoramento e derivación para atención terapéutica personalizada.

No ano 2009 beneficiáronse deste programa 352 persoas. Participaron na intervención 57 profesionais da psicoloxía.

Medidas	Nº beneficiarias
Medidas dirixidas a Mulleres usuarias do programa	270
Medidas dirixidas a menores usuarias/os do programa	78
Medidas dirixidas a persoas dependentes usuarias do programa	4
Total	352
Total Psicólogas/os que integran o programa	57

Programa Abramos o Círculo

Trátase dun programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de intervención: información e atención e intervención psicolóxica personalizada. Xestiónase a través dun Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

No ano 2009 beneficiáronse deste programa un total de 48 homes. Participaron na intervención 21 profesionais da psicoloxía.

Nº homes beneficiarios	Total psicólogas/os que integran o programa
48	21

Capítulo II: medidas no ámbito xudicial

Artigo 28. Atención xurídica.
 Artigo 29. Asistencia letrada.
 Artigo 30. Exercicio da acción popular.
 Artigo 31. Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.
 Artigo 32. Intervención da administración

Atención xurídica e asistencia letrada

En relación coas previsións dos artigos 28 e 29 da Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, os sete Colexios de Avogados de Galicia teñen establecido mecanismos para garantir a atención xurídica durante as 24 horas e a asistencia letrada urxente a mulleres vítimas de violencia de xénero. O total de actuacións certificadas polos Colexios de Avogados en aplicación do módulo

establecido (defensa xurídica da muller en dilixencias policiais, orde de protección e procedementos administrativos relacionados coa violencia de xénero e doméstica) elevouse en 2009 a un total de 668 asuntos cun custo total para a Comunidade Autónoma de 74.113 euros, dos que 68.623 € corresponden a compensacións económicas aos avogados/as de oficio e 5.489 € ao pagamento de gastos de servizos colexiais, nos que se inclúe a orientación xurídica.

Nº de actuacións certificadas polo colexio de avogados		Custo total
668	74.113€	68.623 € <i>Por compensacións económicas aos avogados e avogadas de oficio.</i>
		5.489 € <i>Por pagamento de gastos de servizos colexiais, nos que se inclúe a orientación xurídica.</i>

Capítulo III: outras medidas de apoio e protección

Artigo 33.-Diseño e implantación de dispositivos de alarma
Artigo 34.-Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.

Diseño e implantación de dispositivos de alarma

Servizo de teleasistencia

O servizo de teleasistencia móbil para as mulleres vítimas da violencia de xénero é unha modalidade de servizo que, coa tecnoloxía axeitada, ofrece as vítimas unha atención inmediata e a distancia asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que poidan xurdir, as 24 horas do día, os 365 días do ano sexa cal fose o lugar no que se encontre.

O remate do ano 2009 contabilízanse, no conxunto do territorio español, un total de 27.943 mulleres que foron usuarias nalgún momento desde a posta en funcionamento, no ano 2005, do servizo de teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero; das cales, 14.247 causaron baixa a finais deste mes e 13.696 estaban dadas de alta como usuarias do servizo.

O longo do mes de decembro do 2009 producíronse 522 novas altas e 663 baixas, incrementándose a cifra en 141 casos (o 1,0%).

En comparativa o ano anterior, o remate de decembro de 2009, produciuse un incremento do 11,6%.

Evolución do número de usuarias de teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero. Decembro 2005 - decembro 2009.


2005	2006	2007	2008	2008
2.374	5.661	8.787	12.274	13.696



O remate do ano 2009 contabilizase un total de 13.696 usuarias en alta no servizo de teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero no conxunto do territorio español.

A cifra mais elevada neste servizo, ao remate do 2009, corresponde a Comunidade Valenciana (2.493 casos) seguida de Madrid (2.385 casos) Cataluña (2.326 casos) e Andalucía (2.303 casos). Só estas catro comunidades autónomas agrupaban o 68,9% das usuarias en alta o final do mes de decembro do 2009. Galicia ocupa un oitavo posto entre as 19 Comudades Autónomas rexistradas, cun total de 466 casos.

Andalucía	2.303
Aragón	80
Asturias	647
Baleares	280
Canarias	949
Cantabria	361
Castilla la Mancha	560
Castilla y León	328
Cataluña	2.326
Com. Valenciana	2.423
Extremadura	232
Galicia	466
Madrid	2.385
Murcia	166
Navarra	11
País Vasco	132
La Rioja	2
Ceuta	15
Melilla	30




Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero

En relación coa previsión do artigo 34 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dende a Dirección Xeral de Xustiza destináronse durante o ano 2009 un total de 124.596 € ao financiamento do **programa Galicia** de reeducación de maltratadores, centralizados na Academia Galega de Seguridade; e que se desenvolve a través dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela baixo a dirección da Unidade de Psicoloxía Forense que intervéñen respecto de homes condenados por violencia de xénero ou doméstica en todo o ámbito da Comunidade Autónoma.

O **total de casos que se rexistraron**, desde que se iniciou o Programa Galicia, elévase a 781; dos cales, 417 penados atópanse en situación activa, participando en diferentes fases do programa (34 en avaliación e 383 en intervención), 63 finalizaron a intervención, pero atópanse en fase de seguimento, e 87 casos están pendentes de seren citados.


Por outra parte, é de destacar que 89 suxectos (11,4%) déronse de baixa no programa en diferentes fases do mesmo (avaliación ou intervención) sen posibilidade de concluílo, debido á remisión ou cumprimento da pena establecida. Finalmente, aclarar que os casos que figuran como excluídos débense por cambio de domicilio ou por estar participando noutros programas (Proxecto Home).

Nº total de casos e situación no Programa Galicia		
Estado no programa	Frecuencia	Porcentaxe
Aberto - intervención	383	49,0
Aberto - Avaliación	34	4,4
Pechado	89	11,4
Excluído	12	1,5
Cesado	62	7,9
Revocado	38	4,9
Finalizado en seguimento	63	8,1
Defunción	10	1,3
Arquivado provisionalmente	1	0,1
Derivada avaliación	3	0,4
Sen citar	87	11,1
Total	781	100%




En relación ao número de casos por ano, podemos observar un incremento dos mesmos ano a ano, a excepción do 2009. Foron dados de alta 90 penados no 2006; 271 no 2007; 310 no 2008 e 110 no 2009. Non obstante, a carga de traballo para o persoal técnico aumentou de xeito considerable, dado que as altas no programa supoñen acumulación de casos.

Ano Mes	Continxencias do número total de caso por ano e mes				
	2006	2007	2008	2009	Total
Xaneiro	0	21	19	5	45
Febreiro	1	19	35	16	71
Marzo	9	17	37	28	91
Abril	6	23	33	2	64
Maio	10	35	24	4	73
Xuño	11	19	30	7	67
Xullo	4	28	26	10	68
Agosto	6	26	20	21	73
Setembro	5	14	26	4	49
Outubro	9	17	43	2	71
Novembro	11	24	8	11	54
Decembro	18	28	9	0	55
Total	90	271	310	110	781




A comparativa da distribución dos penados por provincias preséntanse na seguinte táboa. Na categoría “outras” inclúense as provincias de León, Mallorca e As Palmas.

Ano Provincia	Continxencias do número total de casos por provincia de procedencia e ano				
	2006	2007	2008	2009	Total
A coruña	29	84	115	35	263
Lugo	9	41	59	46	155
Ourense	19	43	26	17	105
Pontevedra	33	96	106	11	246
Outras	0	7	4	1	12




Casos abertos en proceso de avaliación por provincias (N=34)

Ano 2009				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outras
13	7	3	9	2




Casos abertos en proceso de intervención por provincias (N=383)

Ano 2009				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outras
138	78	46	118	3




Casos abertos pendientes de cita por provincias (N=86)

Casos abertos pendientes de cita por provincia. Ano 2009				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outras
30	32	10	13	1




Casos cesados por provincia (N=62)

Casos cesados pro provincia. Ano 2009				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outras
11	11	16	22	2




O número de informes realizados e enviados ascende a 521. Na seguinte táboa podemos observar os informes respecto á situación de cada caso no programa.

Estado	Continxencias entre informes enviados e a situación no programa	Total acumulado
	Total	
Aberto intervención	211	350
Pechado	70	70
Excluído	0	2
Cesado	7	27
Revocado	6	15
Finalizado programa	0	52
Defuncións	1	2
Arquivado provisionalmente	0	1
Aberto / derivada avaliación	2	2
Total	237	521




Os plans de intervención pendentes de recibir a data 1 de decembro de 2009 elevase a 138. No seguinte cadro relacionase a provincia de referencia deses plans.

Número de plans de intervención pendentes			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
49	42	16	31



O total de casos derivados para intervención individual a **Servizos Sociais Penitenciarios** é de 220, dos cales, 8 foron derivados para avaliación (2 de Coruña, 1 de Lugo, 4 de Ourense, 1 de Pontevedra).

Número de casos derivados para intervención individual a Servizos Sociais Penitenciarios			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
71	42	43	63



Capítulo IV: medidas no ámbito da formación e do emprego

Artigo 35. Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego.
 Artigo 36. Plans de igualdade nas empresas.
 Artigo 37. Obriga de confidencialidade no ámbito laboral.

Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego.

A Consellería de Traballo, a través das direccións xerais de Promoción do Emprego e de Formación e Colocación, puxo en marcha no ano 2003, ao abeiro da Orde do 5 de xuño de 2003, o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia, regulado na actualidade pola Orde de 2 de maio de 2006 (DOG nº89, de 10 de maio) coa finalidade de facilitar a integración sociolaboral das mulleres vítimas de violencia e que, en termos xerais, recolle as liñas de actuación enumeradas polo artigo 35 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Deste xeito, o obxectivo da integración sociolaboral destas mulleres, é acadar, a través das seguintes medidas especificadas na orde:

- Preferencia de acceso aos programas:

- De mellora da empregabilidade, en concreto, aos servizos de orientación profesional e aos recursos de formación ocupacional.
- Aos mixtos de formación-emprego, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego. No ano 2010, resultaron beneficiarias desta medida **1 muller que se incorporou a un obradoiro de emprego.**
- Aos de cooperación ou experiencias, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración. Ao longo do ano 2010, foron contratadas ao abeiro dos Programas de Cooperación, un **total de 123 mulleres vítimas de violencia.**
- En todas as medidas activas de emprego xestionadas, as **mulleres vítimas de violencia están contempladas como colectivos preferentes.**

Dentro tamén da Consellería de Traballo, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral está a integrar o principio de igualdade de xénero na súa actividade; sirva de exemplo visible a desagregación por sexos dos datos estatísticos de sinistralidade que elabora e difunde, o que propicia a identificación e posterior adopción de políticas e medidas preventivas axeitadas para a protección do colectivo feminino.

No ámbito da prevención dos riscos laborais, incluíndo o acoso sexual como unha manifestación máis da violencia de xénero, a toma en consideración de cuestións da vida persoal das persoas traballadoras, mesmo cando poden ter incidencia no nivel de risco, adoita ser fonte de conflito ético. Situacións persoais, como pode ser a violencia de xénero, entre outras, sen dúbida afectan á saúde laboral aínda cando non se produzan no lugar de traballo teñen un tratamento moi delicado, pois a prevención compete ao empresariado, que non pode intervir alén da relación estritamente profesional.

Desde a Secretaría Xeral de Emigración, puxéronse en marcha diferentes liñas de actuación e colaboración con entidades socias e asociacións sen ánimo de lucro que teñen como obxectivo favorecer a integración da poboación emigrante tendo estas convocatorias unha especial atención á mulleres, moi particularmente, aquelas que puideran ser vítimas de violencia de xénero:

Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se regula a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de

integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega.

Nesta resolución inclúese, entre outros, un eixe no que se subvencionan actuacións dirixidas a facilitar a integración social das mulleres inmigrantes que se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade especialmente aquelas que sexan vítimas da violencia de xénero.

Entre outras contémplanse información e asesoramento, inserción social e laboral, accións formativas, educación para a saúde e aprendizaxe de habilidades sociais. O orzamento total destinado a estas axudas foi de 940.000€

Tamén publicouse a **Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se regula a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades sen ánimo de lucro** para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega.

Nesta resolución inclúese, entre outros, un eixe no que se subvencionan actuacións dirixidas a facilitar a integración social das mulleres inmigrantes que se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade especialmente aquelas que sexan vítimas da violencia de xénero.

Esta convocatoria contou cun orzamento de 562.958€ e entre outras, contemplanse accións de información e asesoramento, inserción social e laboral, accións formativas, educación para a saúde e aprendizaxe de habilidades sociais.

Finalmente, elaboráronse convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e distintas entidades sen ánimo de lucro para levar a cabo programas de atención a mulleres inmigrantes extracomunitarias en situación de prostitución e cuxa finalidade é acadar a integración social e laboral deste colectivo, e que contaron cun orzamento de 112.000€

Plans de igualdade nas empresas

A Consellería de Traballo e Benestar publicou o Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego. No capítulo segundo regúlanse as medidas de apoio económico para a implementación de plans de igualdade, e no capítulo cuarto as accións

de apoio técnico e de asesoramento xurídico necesario para a implantación desta medida ou para a adopción de intervencións concretas de promoción da igualdade.

Neste sentido, dende a consellería de Traballo e Benestar desenvolvéronse tarefas de asesoramento na práctica ás empresas sobre a elaboración dos plans, iniciación do proceso de formulación de diagnósticos e desenvolvemento da metodoloxía da acreditación da implantación.

Nestes Plans incorporáronse medidas de prevención da violencia de xénero e de prevención do acoso sexual en cumprimento do artigo 48 da Lei 7/2004 do 16 de xullo galega para a igualdade de mulleres e homes e do artigo 46 da Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Capítulo V: medidas de carácter económico

Artigo 38. Valoración de rendas.
Artigo 39. Prestacións periódicas.
Artigo 40. Outras prestacións.
Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia.
Artigo 42. Axudas escolares.
Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións.
Artigo 44. Dereito de acceso á vivenda.
Artigo 45. Acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.
Artigo 46. Equipamentos sociais especializados.

Segundo o artigo 38 da Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, co fin de favorecer a autonomía das mulleres que estean en situación de violencia de xénero, e para os efectos do dereito a percibir a renda de integración social de Galicia e as outras axudas económicas previstas nesta lei, quedan excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor.

Prestacións periódicas

Axudas de pagamento único

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece, no seu artigo 27, o dereito a unha axuda económica para aquelas mulleres vítimas de violencia que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as que se presuma que pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para

obter un emprego. Trátase dun dereito subxectivo mediante o que se pretende facilitar a súa integración social.

No ano 2009, rexeuse pola Resolución do 6 de agosto do 2009 (D.O.G. nº 161 do 18 de agosto do 2009) pola que se regulan as bases para a concesión da axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

Os requisitos esixibles son ser muller, maior de idade ou emancipada; carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias; ter especiais dificultades para obter un emprego, o que se acreditará a través do informe do Servizo Público de Emprego; ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial, e non ter percibido esta axuda con anterioridade. A axuda é exclusivamente compatible coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. En consecuencia, é incompatible coa percepción de calquera outra axuda establecida tanto polas administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinada ao mesmo fin.

A axuda consiste na contía económica seguinte:

Tipoloxía	Importe do subsidio de desemprego
Con carácter xeral	6 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima	12 meses
Discapacidade da vítima ≥ 33 % (sen responsabilidades familiares)	12 meses
2 ou máis familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.	18 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima, e conxuntamente discapacidade da vítima ou da persoa dependente ≥ 33 %	18 meses
2 ou máis familiares ou menores (ou 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e conxuntamente, discapacidade ≥ 33 % da vítima ou da persoa dependente	24 meses
Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade ≥ 65 %	24 meses

Nº de concesión de axudas de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero.			
	2007	2008	2009
A Coruña	24	7	1
Lugo	2	2	3
Ourense	8	1	1
Pontevedra	10	14	5
Total	52	24	10

Contabilízanse un total de **10 axudas de pagamento no ano 2009**. É na provincia de Pontevedra onde se contabiliza o maior número de concesións (5) seguido de Lugo (3)

Axudas de pagamento periódico

No ano 2009, réxese pola Resolución do 13 de marzo de 2009 (DOG nº 57 do 24 de marzo), pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

O artigo 1 desta resolución dispón que “a finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para lles garantir unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.” Son requisitos necesarios para poder ser beneficiaria:

- Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia (este requisito acredítase co certificado de empadramento ou ben cun informe dos servizos sociais do concello que acredite a residencia en Galicia de xeito temporal por motivos de seguridade; as mulleres estranxeiras deberán acreditar a posesión do permiso de residencia).
- Acreditar a situación de violencia derivada de convivencia con algún dos documentos seguintes:
 - o certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar;
 - o sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero;
 - o informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - o informe dos servizos de acollida;
 - o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce


mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu.

A contía que poderá acadar esta axuda establécese en función dos ingresos da solicitante en relación co indicador público de renda e efectos múltiples (IPREM) para o ano 2009, e calcúlase de acordo coas seguintes especificacións:

Ingresos	Contía axuda por mes
Renda $\leq$ IPREM /// ou discapacidade $\geq 33\%$	600€
IPREM $<$ Renda $\leq$ (IPREM)2	400€
(IPREM)2 $\leq$ Renda $\leq$ (IPREM) 3	200€
As contías incrementaranse en cincuenta (50) euros ao mes por cada filla/o menor de idade a cargo.	
A contía da axuda concedida aboáselles ás solicitantes en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas. Máximo 12 mensualidades	

En 2009 concedéronse un total de **217 axudas**, organizadas da seguinte maneira: un **35,4%** das concesións déronse na provincia da **Coruña**, seguida por un **30,8%** en **Pontevedra**, un **19,3%** en **Lugo** e finalmente un **14,2%** en **Ourense**.

Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico a mulleres vítimas de violencia de xénero.			
	2007	2008	2009
A Coruña	147	67	77
Lugo	36	20	42
Ourense	37	20	31
Pontevedra	127	60	67
Total	320	167	217



Outras prestacións

Resolución da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares.

Nesta convocatoria anual, contemplase a situación de violencia de xénero que poida padecer a persoa solicitante ou integrante da unidade familiar e adxudícaselle unha determinada puntuación primando as persoas que se atopen nesta situación.

Procedemento abreviado para a percepción da Renda de integración social de Galicia (RISGA)

Trátase dunha prestación social de carácter periódico destinada a garantirlles recursos económicos de subsistencia ás persoas que, por diversos motivos, se atopan nunha situación de precariedade a través do deseño dun proxecto personalizado que inclúe un conxunto programado de accións que perseguen o fin último da integración social da persoa.

En primeiro lugar debe destacarse que se percibe que as modificacións introducidas na Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, teñen un impacto limitado sobre o colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero, na medida que existen outros recursos especificamente dirixidos a estas persoas; concretamente a existencia dunha prestación de maior cuantía que a RISGA, como é a axuda de prestacións periódicas e que ocasionou que, dende a entrada en vigor de tal medida específica aquelas mulleres que viñan cobrando a RISGA, se deran de baixa para pasar a cobrar o devandito pagamento periódico. Isto explicaría, entre outros factores, a diminución progresiva do número de persoas beneficiarias que vén experimentando a Renda de Integración Social de Galicia e que se aproxima en número ao de preceptoras de prestacións periódicas por violencia de xénero.

Non obstante, hai que avaliar positivamente o cambio introducido no relativo a que non se considere ao agresor como integrante da unidade de convivencia e que as súas rendas individuais non computen como recursos económicos daquela. Con esta medida favorecese de maneira clara a posibilidade de beneficiarse da RISGA por parte das vítimas. Isto beneficia de maneira especial ás mulleres que xa se encontraron percibindo a RISGA, que se veu mellorada a cantidade percibida, cando menos en tanto non pasen a engrosar a nómina de preceptoras de prestacións periódicas.

Fondo Galego de Garantía de indemnizacións

O obxecto desta axuda é proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas (establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

	Nº mulleres beneficiarias no 2009				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
nº solicitudes	2	2	0	5	9
nº concesións	0	1	0	0	1

Do total das nove solicitudes presentadas, só unha cumpría os requisitos da convocatoria; cinco foron denegadas, fundamentalmente por incumprir o requisito de ter recoñecido o dereito ao cobro da indemnización por resolución xudicial firme, dúas desistiron das súas solicitudes u unha remitiu a documentación fora de prazo.

03.4 Título III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.

Faise referencia á organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada coa creación do Centro de Recuperación integral para Mulleres que sofren violencia de xénero e oficinas de información as vítimas.

Artigo 47.-Criterios básicos.
 Artigo 48.-Rede galega de acollemento.
 Artigo 49.-Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.
 Artigo 50.-Rede de información ás mulleres.
 Artigo 51.-Servizo de Atención 24 horas.
 Artigo 52.-Punto de Coordinación das Ordes de Protección.
 Artigo 53.-Puntos de encontro familiar.
 Artigo.54 Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.
 Artigo 55.-Titularidade e xestión dos servizos.
 Artigo 56.-Confidencialidade da información.

Rede galega de acollemento

Casas de acollida


Ante a situación de indefensión en que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos e as súas fillas, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de casas de acollida para mulleres maltratadas, cunha conexión entre elas, de tal xeito que as mulleres galegas que o precisen, por atoparse na referida situación de indefensión, teñan un lugar de referencia onde acudir.

En colaboración cos concellos e outras institucións, vense prestando, en distintas localidades, este servizo dirixido a mulleres que sofren malos tratos e ás súas fillas e aos seus fillos, co obxecto de que dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan reorientar a súa situación persoal, facilitándolles as ferramentas elementais, tanto económicas coma psicosociais.



Ante as graves situacións derivadas da violencia contra as mulleres no ámbito familiar e a dificultade para moitas delas de reorganizar a súa vida nun prazo de tempo breve, articulouse tamén una rede de pisos tutelados para acoller a aquelas mulleres que despois de residir temporalmente nunha casa de acollida, necesiten, aínda sen correr riscos graves, un tempo máis prolongado para a súa inserción laboral e independencia económica. Permítelles contar con aloxamento compartido con outras mulleres en situacións similares durante o tempo necesario para recuperar a súa vivenda e/ou encauzar o seu proxecto de vida evitando precipitacións que impiden tomar as decisións máis axeitadas en cada caso.

Casas de acollida		
Provincia	nº centros	Titularidade
A Coruña	3	Municipal
Lugo	1	Municipal
Ourense	1	Municipal
Pontevedra	1	Municipal /autonómica

nº de centros de casas de acollida por provincia



nº persoas usuarias no ano 2009			
Localidade	Mulleres	Menores	% ocupación
A Coruña	31	35	85%
Lugo	14	7	38%
Ourense	44	37	87%
Culleredo	14	12	35%
Ferrol	25	23	58%
Total	128	114	



Centro de emerxencia de Vigo para mulleres vítimas da violencia de xénero

Modelo de intervención:

- Consiste nun centro de acollemento, protección e seguridade para as mulleres que se atopen en situación de perigo ou grave risco para a súa vida ou integridade física e/ou psíquica ou persoas delas dependentes.
- Servizo Social especializado.

- Centro de 1º nivel de acollemento.
- Centro da Rede Galega de Acollemento nos termos previstos na lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.
- Recurso residencial de carácter limitado que ofrece acollemento, atención e recuperación ás mulleres e ás persoas menores ao seu cargo.
- Asistencia integral e intervención con perspectiva de xénero.
- Ámbito territorial: termo municipal de Vigo e área metropolitana, coa posibilidade de ampliar a ámbito provincial, autonómico ou supra-autonómico.
- Capacidade: establécese unha capacidade máxima de 20 prazas para usuarias vítimas de malos tratos e persoas delas dependentes.

Prestacións asistenciais

- Avaliación psicolóxica.
- Acollemento de urxencia con aloxamento, protección, manutención e prestacións básicas (farmacia, hixiene, cartos de peto, etc).
- Apoio educativo, social, de saúde e persoal nas relacións interpersoais e no establecemento dunha unha convivencia no centro.
- Intervención por parte do equipo profesional (psicolóxica, xurídica ou psicosocial).
- Derivación a outro recurso de acollemento ou sanitario, en caso de que proceda.

Resumen datos 2009

- O Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero de Vigo dispón dun total de 20 prazas.
- Durante o ano 2009, ingresaron un total de 43 mulleres e 39 fillos e fillas.
- Concellos de procedencia: Vigo, Santiago de Compostela, Ribadeo, Padrón, Porriño, Pontevedra, As Neves, Pontecaldelas, Galati (Rumanía), A Veiga do Bolo, Nigrán, A Cañiza, Redondela, Gondomar, Pontecesures, Cocentaina (Alicante), Ourense, Lalín, Salceda de Caselas, Poio e Cuntis.
- Tempo medio de estancia no Centro: 3 meses.
- O rango de idade que máis se repite nas mulleres que ingresan no Centro é dos 20 ós 45 anos.
- Nivel de formación das mulleres: Estudos primarios e secundarios, sendo o perfil universitario o minoritario.

Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata

A Secretaría Xeral da Igualdade é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponden, entre outras, competencias relativas á xestión das políticas autonómicas en materia de igualdade de xénero, loita contra a discriminación por razón de sexo, igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero.

O artigo 29.3 de Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Por outra banda, o artigo 47.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Dende a ratificación por España do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos e en relación coa expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas, prexudicadas ou testemuñas na trata de seres humanos, que poidan cooperar ou colaborar coas autoridades competentes, recóllese a obriga de prestarlles unha atención integral, recoñecéndoselles un período de reflexión establecido en 30 días e durante o que terán garantida a subsistencia, asistencia social e xurídica.

Froito de senllos convenios de colaboración asinados en 2009 entre a Secretaría Xeral da Igualdade e dúas entidades de iniciativa social, estas entidades, que xa contaban con dispositivos destinado á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, integran nos seus dispositivos unha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir,

con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

A vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual (situación de persoas explotadas, estigmatización e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal) ponse especialmente de manifesto cando as mulleres deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan; por iso dende a Secretaría Xeral da Igualdade considérase prioritario fomentar toda actividade desenvolvida ao respecto e colaborar con aquelas entidades, como é o caso, que contan con centros e persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación destinados a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades.

Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero

A lei 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero contempla, no seu artigo número 49, a creación do Centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero, que, segundo o texto legal, "desenvolverá un modelo de atención integral baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico".

Neste sentido e desde a Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Presidencia da Xunta, retómanse os contactos co concello de Santiago coa finalidade de solicitar a cesión parcial do inmovible da antiga casa de acollida, para poder comezar coas obras do Centro de Recuperación Integral.

Froito dos contactos, logo de catro anos de espera, o 22 de decembro do 2009 o Concello de Santiago aprobou a cesión a favor da Xunta de Galicia dun inmovible destinado á posta en marcha dun centro de recuperación integral para vítimas de violencia de xénero.

Recentemente, no Consello da Xunta de Galicia de 25-02-2010 aprobouse o Decreto polo que se acepta a concesión de dominio público, a título gratuito, feita polo Concello de Santiago a Comunidade Autónoma de Galicia.

Este proxecto de intervención para o tratamento integral da violencia de xénero significa que deben existir servizos en todas as fases do proceso

(detención, emerxencia, acollemento, atención, recuperación e reinserción) e que cubran todas as áreas vitais (psicolóxica, educativa, xurídica, laboral e social).

Este centro quere converterse nun referente dentro dun sistema preparado para responder de inmediato, atendendo ás causas de violencia, valorando os factores de risco, atendendo ó momento vital da vítima do maltrato, instaurando intervencións de diferente intensidade e modalidade, e promovendo os cambios sen esperar á demanda.

O centro viría a completar un sistema legal de protección e asistencia fronte a violencia de xénero, que xa conta con outros instrumentos como a Rede Galega de Acollemento, o servizo de atención 24 horas, o Punto de Coordinación das ordes de protección, puntos de encontro familiar e os Centros de Información as Mulleres.

Servizo de atención 24 horas

Teléfono 900 de información ás mulleres

O teléfono da muller é un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día e ten cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Este servizo está atendido por un equipo multidisciplinar, coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia, de forma que calquera muller poida facer unha consulta, tanto en horario laborable como en horario nocturno e en días non laborables.

Desde o Teléfono da Muller infórmase e asesórase sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Violencia de xénero: Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, policía especializada, gabinetes de orientación, centros de planificación...
- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentencias incumpridas...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- Educación pola igualdade, materiais non sexistas, publicidade discriminatoria...
- Apoio ó asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...

E un servizo gratuíto e anónimo prestado para toda a Comunidade Autónoma, as 24 horas do día durante todo o ano, que se rexe polas seguintes pautas de actuación:

Anonimato e confidencialidade.


Gratuidade do servizo.

Estatísticas do teléfono da muller: 900 400 273. Período xaneiro - decembro 2009

	Total chamadas	%
Relacionadas	4.030	100%
Total	4.030	100%


Total de chamadas por mes

Total por mes	Nº	%
Xaneiro	299	7%
Febreiro	294	7%
Marzo	397	10%
Abril	339	8%
Maio	309	8%
Xuño	338	8%
Xullo	299	7%
Agosto	495	12%
Setembro	354	9%
Outubro	298	7%
Novembro	296	7%
Decembro	312	8%
Total	4030	100%




Procedencia das consultas por provincia. Total de consultas por provincia

Chamadas recibidas no teléfono 900 24 horas					
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Resto de España	Sen clasificar
1.945	402	252	1.052	58	321
48%	10%	6%	26%	1%	8%
Total:4.030 chamadas					



Total de consultas por ámbito


Ámbito	Nº	%
Rural	518	13%
Urbano	3120	77%
Sen identificar	392	10%
Total	4030	100%



Sexo da/do chamante


SEXO	Nº	%
Home	249	6%
Muller	3781	94%
TOTAL	4030	100%

Sexo da persoa chamante




Idade da persoa chamante

IDADE	nº	%
< de 15 anos	85	2%
de 16 a 20 anos	136	3%
De 21 a 25	291	7%
De 26 a 35	938	23%
De 36 a 45	714	18%
De 46 a 55	551	14%
De 56 ou máis	703	17%
Sen identificar	612	15%
Total	4030	100%




Tipo de información consultada

Tipo de Información consultada	Nº	%
Xurídica	806	20%
Orientación profesional	12	0%
Emprego	40	1%
Recursos	887	22%
Información SXI- SGI	81	2%
Atención psicolóxica	1412	35%
Outras	792	20%
Total	4030	100%




Tipo de información: área xurídica

Área Xurídica	Nº	%
Dereito de Familia	339	49%
Dereito Civil	24	4%
Dereito Fiscal	3	0%
Dereito Administrativo	12	2%
Dereito Penal	172	25%
Dereito Laboral	24	4%
Seguridade Social	21	3%
Xustiza Gratuíta	42	6%
Varios	48	7%
total	685	100%




Tipo de información: Área de recursos

Área recursos	Nº	%
Asociacións	28	3%
Saúde	138	16%
Servizos Sociais	659	78%
Tempo libre	7	1%
Varios	14	2%
Total	846	100%




Tipo de información: Área de atención psicológica

Área de Atención Psicológica	Nº	%
Demanda exposta pola usuaria	358	29%
Situación emocional detectada	175	14%
Atención prestada	702	56%
Outros	14	1%
Total	1.249	100%




Resolución da demanda

Resolución da demanda	Nº	%
Derivación cara outros servizo	125	3%
Atención directa	3905	97%
TOTAL	4030	100%



Reincidencia no uso do servizo (chamou en anteriores ocasións)

Resolución da demanda	Nº	%
Non	1.894	47%
Si	2.136	53%
Total	4.030	100%



Punto de coordinación das Ordes de Protección


En Galicia estableceuse no ano 2004 o Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP) adscrito ao Servizo Galego de Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade), que leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia, realizando as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlle o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección.

Desde o momento en que o PCOP recibe as ordes de protección, ou calquera outra medida xudicial de carácter cautelar, inicia un contacto coa beneficiaria a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón e, a comprobación de que as ditas ordes ou medidas se cumpren correctamente. No suposto de que existan quebrantamentos, se lle informa da canle a seguir para interpoñer a correspondente denuncia. A usuaria é informada tamén, se así o desexa, doutros trámites xudiciais como pode ser a separación ou o divorcio, custodia de fillos/fillas, etc. Por tanto, unha vez recibida a orde de protección, orde de alonxamento ou outra medida, iníciase o contacto coa vítima para, coñecendo a súa situación persoal e as súas propias necesidades, informala do recursos asistenciais e de protección social existentes que pode solicitar.

Ordes de protección e outras medidas de carácter cautelar ditas en Galicia

Nº de Ordes de Protección e outras medidas cautelares		
Provincia	Ano 2008	Ano 2009
A Coruña	517	562
Lugo	236	218
Ourense	177	223
Pontevedra	512	451
Total	1.442	1.454

Fonte: Servizo Galego de Igualdade.
Extraído de <http://sgi.xunta.es/>



As ordes de protección e outras medidas de carácter cautelar ditas en Galicia o longo do ano 2009 suman en total 1.454. Segundo estes datos, as provincias de A Coruña e Pontevedra son as que teñen un maior número de casos, con 562 e 451 casos respectivamente, o cal non é nada extraño se temos en conta a distribución da poboación en Galicia. Séguelle Ourense con 223 e Lugo con 218 ordes de protección, alonxamento e outras medidas cautelares.

Se facemos unha comparativa co ano anterior 2008, as cifras de ordes de protección e outras medidas de carácter cautelar concedidas aumentan en 12 casos. A Coruña segue sendo a provincia co maior número de medidas comunicadas, incrementándose o número no 2009, seguida de Pontevedra que tamén tende a aumentar. Mingua o número de medidas en Lugo, pasando a ocupar, neste ano, o cuarto posto, pero crece en Ourense, que pasa a ocupar o terceiro posto.

Puntos de encontro familiar

No ano 2000 a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, en colaboración co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, puxo en marcha un programa de orientación e mediación familiar no que se incluíu o programa de puntos de encontro, que viña funcionando como experiencia piloto, con moi bos resultados, na cidade de Vigo, desde 1999.

Os puntos de encontro familiar de Galicia están regulados polo Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro).

Para os efectos do referido decreto enténdese que un punto de encontro familiar é un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

A execución deste programa articúlase a través da subscrición de convenios de colaboración con entidades de iniciativa social ás que se lles encomenda a xestión dos puntos de encontro garantindo a utilización pública deste servizo. Estas asociacións actúan na xestión dos puntos de encontro baixo a coordinación da Secretaria xeral de Familia e Benestar e na máis estreita colaboración co Poder Xudicial e o Ministerio Público. Os puntos de encontro que integran a rede galega están ubicados nos sete principais concellos de Galicia:

- A Coruña: Centro Fonseca
- Lugo: Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas
- Ourense: Punto Cero
- Pontevedra e Vigo: Aloumiño
- Santiago de Compostela: Encontro
- Ferrol: A Carón

Os puntos de encontro teñen un carácter multidisciplinar e están integrados por persoas expertas en **intervención psico-familiar, dereito de familia e mediación familiar**. Ademais poderán contar coa colaboración de persoal voluntario naquelas tarefas que os/as profesionais dos puntos de encontro estimen axeitadas.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de **carácter neutral**, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente que ten por obxecto favorecer as relacións entre as/os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da

convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido, ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Intervencións que se levan a cabo:

- **Intercambio das/dos menores.** Consiste na entrega e recollida da ou do menor no punto de encontro familiar.
- **Visitas tuteladas.** Son as que se desenvolven de forma controlada baixo a tutela dunha persoa profesional que orienta as/os proxenitoras/es e as fillas e fillos, e supervisa o desenvolvemento do tempo que comparten.
- **Intercambio das/dos menores con posibilidade de permanencia no punto de encontro familiar.** Para aqueles supostos nos que o/a proxenitor/a con dereito a visita careza de vivenda na localidade ou esta non reúna as condicións axeitadas.

Para o mantemento da Rede de Puntos de Encontro destináronse no ano 2009 un total de: **298.507,30** euros.

Seguimento do programa

Para o seguimento do programa, os puntos de encontro remitirán unha folla de seguimento mensual aos servizos centrais para levar un seguimento e confeccionar os datos anuais de funcionamento dos Puntos de Encontro.

Resumo do seguimento anual 2009

Total	A Coruña	Lugo	Ferrol	Ourense	Santiago	Vigo	Pontevedra	Total
I Expedientes								
1 Recibidas	61	50	42	53	52	65	36	359
2 Retomadas	14	0	1	2	0	8	1	26
Total exp. novos	75	50	43	55	52	73	37	365

Total	A Coruña	Lugo	Ferrol	Ourense	Santiago	Vigo	Pontevedra	Total
II Procedencia								
1 Servizos Sociais (Menores)	26	1	7	22	13	53	20	142
2 Xulgados	158	29	89	48	66	153	114	657
Total	184	30	96	70	79	206	134	799

Total	A Coruña	Lugo	Ferrol	Ourense	Santiago	Vigo	Pontevedra	Total
III Usuarías/os								
1 Menores	250	31	144	100	111	269	181	1085
2 persoas adultas								
Homes	270	12	169	99	127	340	206	1222
Mulleres	240	12	146	96	99	243	175	1011
Total	760	55	459	295	337	852	562	3318

(Suliñar que os datos refírense aos casos atendidos durante o ano 2009, incluídos os que veñen de anos anteriores)

Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos

En relación coa previsión do artigo 54, nas sedes xudiciais das sete cidades galegas están constituídos os **servizos comúns de Atención á cidadanía e Asistencia ás Vítimas** (Resolucións da Dirección Xeral de Xustiza do 15/09/2008, publicada no DOG do 26/09/2009) que, entre outras, asumen a función de asistencia ás vítimas dos delitos e faltas, que comprende a información das posibilidades de obter a través do proceso penal a restitución, a reparación do dano e a indemnización dos prexuízos materiais e morais así como dos seus dereitos en relación co proceso penal.

Tamén comprende a información sobre as axudas e medidas de asistencia ás vítimas establecidas polos poderes públicos. O servizo orienta ás vítimas de delitos en relación cos servizos sociais e recursos públicos dispoñibles para a súa atención. Nesta actuación de orientación das vítimas cara os servizos sociais e recursos públicos dispoñibles para a súa atención atópase a orientación cara a rede establecida pola Secretaría Xeral de Igualdade para a atención xurídica, psicolóxica e social das mulleres vítimas de violencia de xénero.

04 Disposicións adicionais

Primeira: modificación da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
Segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.
Terceira: competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia
Cuarta: Información ao Parlamento de Galicia
Quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres.
Sexta: Creación do observatorio galego da violencia de xénero
Sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de igualdade
Oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusión económica desta Lei.
Novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social
Décima: dotación orzamentaria.

Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.

A Secretaría Xeral da Igualdade fai pública no DOG nº 112 do 5 de xuño do 2009 a resolución pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas dirixidas a entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

O obxecto desta resolución é a regulación das bases que rexen as axudas para a realización de programas experimentais e innovadores contra a violencia de xénero, desenvolvidos desde o 1 de xaneiro de 2009 ata o 30 de novembro de 2009, e a súa convocatoria para o ano 2009; considerándose programa experimental ou innovador contra a violencia de xénero aquel que teña por obxecto o desenvolvemento de actuacións que combinen accións e medidas de diversa natureza, que afonden en novos modelos e/ou metodoloxías de intervención no ámbito da violencia contra as mulleres e que representen algún valor engadido respecto das prácticas habituais.

Areas prioritarias:

- a) A consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación entre os distintos ámbitos políticos e profesionais de cara á eficaz prevención, detección e intervención na erradicación da violencia de xénero.
- b) A prevención, sensibilización, concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.
- c) A intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas delas dependentes, procurando a recuperación da súa identidade, autonomía e a restauración dos seus proxectos vitais.
- d) A protección das mulleres vítimas de violencia de xénero, ás súas fillas e fillos e ás persoas delas dependentes, procurando a súa máxima seguridade policial e xurídica.

Para a concesión das axudas previstas nesta resolución destinouse un crédito total de 200.000 euros para o ano 2009, dos cales 100.000 euros destináronse a financiar programas que afecten entidades locais cunha poboación maior ou igual a 25.000 habitantes e 100.000 euros destinaranse a financiar programas que afecten entidades locais cunha poboación inferior a 25.000 habitantes.

A contía das axudas determinarase sobre a base da puntuación asignada en función dos criterios de valoración establecidos no artigo 9º, e non pode exceder de 20.000 euros por cada entidade beneficiaria.

Protocolo de actuación institucional

O artigo 29.3 de Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teña como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Nesta liña, o presidente da Xunta e o Fiscal Superior de Galicia asinan o 18 de xaneiro do 2010 o Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, que converte a Galicia en pioneira no combate contra a trata de seres humanos.

Un dos obxectivos principais do protocolo é “axilizar a aplicación dos beneficios de protección” ás mulleres vítimas de trata que colaboren coa Xustiza na persecución das mafias que as explotan e, entre eses beneficios, figura a posibilidade de concederlles o permiso de residencia, tal e como contempla a Lei de estranxeiría. Neste sentido, destácase a importancia da presenza da Fiscalía Superior de Galicia e do Ministerio Fiscal neste compromiso.

A través deste protocolo perséguese modificar a situación anterior na que a maioría das causas contra redes de explotación sexual “acababan arquivadas”, incluso antes de chegar a xuízo, pola imposibilidade de conseguir testemuñas e formalizar a denuncia.

A Xunta de Galicia comezou xa a crear as condicións máis axeitadas para que a sinatura deste protocolo non quede nunha simple cuestión formal:

- Tomouse contacto coas organizacións non gobernamentais que traballan na detección e recuperación das vítimas, establecendo un grupo de traballo para adoptar as decisións máis axeitadas da situación actual do problema e “de cada unha das mulleres”.
- Asináronse diferentes convenios con distintas ONG's para a constitución e posta en marcha dos centros de protección e recuperación das vítimas que decidan colaborar coa xustiza á hora de destapar as mafias.
- Avanzouse na sensibilización de toda a sociedade sobre a dureza e a gravidade deste problema, a través da conmemoración do Día Internacional contra a Trata e a Explotación de persoas.

- Iniciouse unha colaboración, desde o departamento competente en materia de cooperación da Xunta, coa Comissao para a Igualdade de Genero de Portugal e coas ONG's implicadas, co obxectivo de poder dar unha “maior efectividade” á actuación a través da “implicación” das autoridades e da sociedade civil naqueles países de onde proceden estas mulleres.

Os dous principais problemas detectados ata agora na loita contra a trata de persoas con fins de explotación sexual son o medo das vítimas a denunciar e a falla de coordinación entre as entidades implicadas no proceso.

Por iso, este Protocolo axiliza a aplicación dos beneficios de protección recollidos na lexislación, entre os que destaca a posibilidade de conceder permiso de residencia a aquelas mulleres que denuncien ás mafias que as explotan, para que manteñan o seu testemuño ata o fin do proceso penal, tentando facilitar a colaboración das vítimas de trata coa Xustiza.

Unha das novidades é que desde o momento que as vítimas sexan identificadas, ben por vontade propia ou pola intervención policial nun local, estas mulleres serán consideradas vítimas do delito de trata de seres humanos, co que terán dereito a un período de reflexión de polo menos un mes para valorar «con serenidade e seguridade» se colaboran coas autoridades para investigar o delito.

Ademais, terán dereito a ter aloxamento e alimentación para elas e para as súas fillas e fillos menores de idade, e igualmente contarán con asistencia psicolóxica, médica e xurídica gratuíta, prestando testemuño en condicións especiais de protección fronte a calquera posibilidade de represalia. Tamén poderán iniciar procedementos para a restitución dos seus dereitos e obtención de indemnización.

Todos estes dereitos levan consigo a obriga das mulleres vítimas de trata de colaborar coas autoridades competentes, unha vez tomada a decisión de denunciar a súa situación, e de persistir no testemuño, para evitar que a súa retractación poida dar lugar á perda dos dereitos relativos a súa permanencia en España. Así mesmo, non poderán retomar o contacto cos seus explotadores.

O outro problema detectado ata o de agora era a escasa coordinación entre xuíces, fiscais e policía á hora de aplicar perfís de identificación das vítimas e de concesión dos dereitos de protección que recolle a lei, co que se perdía a posibilidade de contrastar datos de máxima importancia para a investigación.

Por iso, nese eido de cooperación institucional, o Protocolo indica que a Sección de Estranxeiría da Fiscalía Provincial e/ou de Área recibirá anualmente da Inspección de Traballo, da Brigada de Estranxeiría, das autoridades sanitarias e das ONGs que participan neste proceso, informes sobre as actividades realizadas, dende o número de clubs onde se exerce a prostitución, as inspeccións realizadas nos mesmos, as condicións de hixiene e saúde deses locais, e a situación das mulleres en risco de trata.

Os datos máis actualizados sobre o alcance da trata de persoas en Galicia, son os proporcionados pola Fiscalía Superior do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nun informe que se fixo público hai uns meses.

Entre os anos 2005 e 2008 as forzas e corpos de seguridade do Estado na comunidade autónoma desarticularon cincuenta e nove redes que traficaban con persoas con fins de explotación sexual, obtendo algunhas delas beneficios de ata 600.000 euros anuais con este comercio. O número de mulleres identificadas e susceptibles de seren vítimas das redes de explotación sexual, nese mesmo período, son 1.847, téndose detectado no ano 2009 outras 141.

Na actualidade, os procesos xudiciais son escasos porque existe unha gran dificultade á hora de obter denuncias directas procedentes das mulleres vítimas de trata, debido ao medo que hai ás posibles represalias directas ou sobre as familias das mulleres no seu lugar de orixe, e á súa situación de alienación. Por iso, a través deste Protocolo esperase poder subsanar unha boa parte destes problemas.

Débase mencionar tamén o **Convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia**, para a realización de actuacións encamiñadas a garantir ás mulleres vítimas de violencia de xénero dereito á asistencia social integral.

Atendendo ao compromiso establecido no convenio de colaboración asinado con data 1 de outubro de 2009, a Secretaría Xeral da Igualdade da Presidencia da Xunta de Galicia, desenvolveu programas nas seguintes áreas:

- Elaboración e homologación de protocolos de intervención integral na Rede de acollemento a vítimas de violencia de xénero
- Articulación de servizos e medidas de atención específica e directa para os fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero.

Estas actuacións estanse a desenvolver e detállanse ao longo do presente informe.

Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia

Dende a Unidade de Policía Adscrita a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, leváronse a cabo, o longo do 2009 e a través do persoal das distintas sedes, tarefas de carácter informativo sobre violencia de xénero, así como acompañamento as vítimas ou denuncianteas ás comisarias do Corpo Nacional de Policía ou cuarteis da Garda Civil, segundo procedese.

Información ao Parlamento de Galicia

O presente informe da cumprido trámite á obriga legal establecida da Disposición Adicional Cuarta da Lei: "O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero".

Creación do Consello Galego das Mulleres.

A Lei 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional quinta, crea o Consello Galego das Mulleres como órgano colexiado e institucional de Galicia, de carácter consultivo, de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade.

No momento actual, este Consello atópase en fase de desenvolvemento normativo.

Creación do observatorio galego da violencia de xénero

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sexta, prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

Na actualidade, o Observatorio atópase en fase de desenvolvemento normativo.

Creación da Comisión Interdepartamental de igualdade

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sétima, establece que se creará a Comisión Interdepartamental de Igualdade como órgano colexiado e institucional de Galicia, á que lle corresponderán, entre outras, as funcións de seguimento da aplicación desta lei e dos correspondentes plans para a igualdade e de loita contra a violencia de xénero.

No momento actual, esta Comisión atópase en fase de desenvolvemento normativo.



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia